

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, por medio dos seus integrantes **Yolanda Díaz Pérez** e **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión**, relativa á situación da EDAR de cabo Prioriño.

Exposición de motivos

As conclusións que se extraen da visita realizada pola alcaldía do concello de Ferrol ás instalacións da EDAR de cabo Prioriño son demoledoras para o que ten que ser unha xestión eficaz dos asuntos públicos e para o respecto debido ao soberano, a unha veciñanza a que se lle obriga a aboar un servizo público inexistente. O informe técnico emitido polo concello desvela o pésimo funcionamento dunha instalación tan onerosa como necesaria para a recuperación e saneamento dese ben básico de Ferrolterra que é a súa ría.

A obra desta estación recepcionouse con data de 30 de novembro do 2010, segundo consta no convenio asinado entre Augas de Galicia e o concello de Ferrol. Cóstanos que a infraestrutura sufría entón problemas de impermeabilización, o que impedía o uso da depuradora. Sería ben coñecer os informe de Augas de Galicia e Xunta para a recepción da obra porque estes falarán de xeito documentado do respecto ao interese xeral ou da submisión ás grandes empresas construtoras por parte de Núñez Feijóo. Unha obra que custou 18 millóns de euros esixe unha fiscalización por parte das administracións públicas, que evite o desbaldimento dos recursos públicos.

En xuño do 2014 asinouse o convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o concello de Ferrol para formalizar a encomenda de xestión da explotación, mantemento, conservación do sistema de saneamento e a depuración do concello de Ferrol, e uns días após, o 17 do mesmo mes, asinárase o protocolo de execución concertada entre o concello de Ferrol e a empresa Emafesa para a xestión, explotación, mantemento e conservación do sistema de saneamento e depuración.

A pesares distas sinaturas e dun millón de anuncios publicitarios, a EDAR non pode funcionar en absoluto ate xaneiro do 2015, cando instálase un grupo electrógeno que permitía un funcionamento restrinxido, entre as oito e as quince horas de xeito discontinuo. O subministro eléctrico ordinario só vai chegar logo das eleccións municipais de maio do 2015.

Indo o contido e conclusións da visita da alcaldía de Ferrol á EDAR, o informe técnico nado da visita realizada o 25 de agosto sinala entre outras as seguintes irregularidades:

- Cómprouse ao efectuar a visita no primeiro momento que a primeira etapa do proceso de depuración non estaba a funcionar: as instalacións da nave de pretratamento non funcionaban, dous colectores de recollido de residuos estaban baleiros e con evidencias de non teren funcionado recentemente, e outro colector estaba semibaleiro; e o aire do interior da nave non cheiraba como cando circulan as augas residuais.
- Compróbase que non había actividade nin nas balsas que dan continuación ao tratamento das augas residuais nin nas piscinas posteriores que deberían realizar o tratamento biolóxico.
- Compróbase que as augas residuais que entran ao emisario submarino non van depuradas.
- Compróbase que non se realiza ningunha actividade no laboratorio.
- Compróbase que a planta só conta cun único empregado acreditado da empresa Emafesa, que atende as instalacións no horario de mañán, quedando estas logo só con vixiantes dunha empresa de seguridade, sen competencia técnica algunha no que atinxe ao funcionamento da planta.

No transcurso da referida visita achegouse ás instalacións o xefe do departamento técnico e de explotación de Emafesa e voilà!, entón algúns dos elementos do pretratamento da planta comezaron a funcionar. Aínda así, o xefe do departamento técnico informou que que a segunda e terceira fase do proceso, a decantación de lodos e o metano e o filtrado biolóxico respectivamente, non se están a realizar.

O concello tomou unha mostra da auga residual que emite a EDAR. Á espera dos resultados definitivos, os resultados preliminares son malos para a saúde da ría: o nivel de bacterias coliformes – indicativas da contaminación – excede con moito os parámetros permitidos.

Conclúe o informe técnico coa seguinte conclusión:

“Nesta visita de inspección puidemos comprobar que a empresa Emafesa non está a xestionar e explotar o sistema de saneamento e de depuración da EDAR de cabo Prioriño, xa que as augas residuais saen da planta sen depurar.”

Cómpre ter presente e interrogarnos – logo do sinalado supra - acerca da xusteza da percepción por parte da empresa Emafesa dunha taxa por un saneamento inexistente. En setembro do 2014, o goberno de maioría absoluta do PP no concello de Ferrol aprobou o pagamento por parte da veciñanza dunha taxa por un servizo inexistente. Será ben rectificar e depurar as posibles responsabilidades.

Diante dunha fraude que move a indignación son demasiadas as preguntas que agardan unha pronta resposta por parte dos responsables da Xunta do PP. Porque da lectura do informe semella difícil non se escandalizar e preguntar polo dano causado á ría polo uso negligente e/ou o non funcionamento da EDAR. Semella difícil saber que funcións de inspección e control, segundo se recolle na estipulación terceira do convenio asinado o 9 de xuño, realizou durante este tempo Augas de Galicia, entidade que depende da Xunta. Semella difícil que non cunda a indignación nunha veciñanza que sabe agora que continúa o estrago da ría no entanto se lles cobra unha taxa (entre 40-70 euros ao semestre) por un servizo público que non se realiza de xeito deliberado. Semella difícil imaxinar que o anterior goberno municipal descoñecera este cúmulo de negligencias e enganar. Semella difícil entender a credulidade dunha Xunta de Galicia que acepta unha infraestrutura sen comprobar o seu estado de funcionamento e que mesmo nas verbas da conselleira de medio ambiente, en marzo deste ano, nunha visita á plata asegurou que xa se depuraran 1,5 millóns de metros cúbicos. En resumo, semella difícil explicar a presunta fraude que ten ocorrido na planta dende o verán do 2014.

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a facer públicas todas as actuacións de inspección e control realizadas pola Xunta de Galicia ao través de Augas de Galicia, sobre os bens e sobre a forma de prestación do servizo da EDAR de cabo Prioriño dende a recepción das obras en novembro do 2010, en particular o informe de Augas de Galicia que fundamentou a recepción das obras da EDAR de cabo Prioriño.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a facer pública a documentación técnica que permitiu a conselleira de medio ambiente afirmar que a EDAR de cabo Prioriño levaba, a altura de marzo do 2015, depurados 1,5 millóns de metros cúbicos.



- O Parlamento Galego insta á Xunta a desenvolver, no ámbito das súas competencias, todas as actuacións que garantan o pleno funcionamento da EDAR de cabo Poriño no prazo de tempo máis breve posible.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a abrir unha investigación independente con participación de todas as administracións interesadas, que permita depurar todas as responsabilidades pola fraude e ocultación sucedidas na EDAR de cabo Poriño.

En Compostela, a 1 de setembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Antón Sánchez García

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 01/09/2015 13:35:38

Anton Sánchez García na data 01/09/2015 13:35:41